



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONSORCIO INSTITUTO TECNOLÓXICO DE MATEMÁTICA INDUSTRIAL PARA CONSOLIDAR A UNIDADE DE TRANSFERENCIA DA CIENCIA E DA TECNOLOXÍA MATEMÁTICA Á INDUSTRIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA (segundo modelo Anexo á Circular nº 1/2016, do 15 de febreiro, da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, pola que se editan instrución sen materia de convenios para aplicación da lei 1/2016, de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno).

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades, **DECLARA:**

Que esta Secretaría xeral de Universidades da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (CONSELLERÍA) ten previsto formalizar co Consorcio Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración da CONSELLERÍA para o financiamento dunhas accións do ITMATI para consolidar a súa actividade de transferencia da ciencia e tecnoloxía matemática á industria. As actuacións realizadas polo ITMATI repercutirán por igual na UDC, USC e UVIGO.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar ten interese público xa que é preciso para dar resposta ás necesidades de transferencia de investigación e para fomentar, por un lado, as colaboracións académicas e científicas coas universidades e grandes centros de investigación españois e estranxeiros, promovendo a interdisciplinariedade e, por outro lado, proporcionar servizos de apoio á innovación empresarial e contribuír ao fortalecemento da relación entre os organismos xeradores de coñecemento e as empresas.

Estas accións esténdense ás tres universidades galegas, podendo beneficiarse todos os grupos de investigación do SUG e, polo tanto, non sendo necesario promover a concorrència competitiva.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do Sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela a once de maio de dos mil dezaseis.

(asinado dixitalmente)

